



A creatividade e a extensión social vertebran a décima edición do Noia Harp Fest, que se celebrará do 3 ao 6 de agosto en Noia

O director do Festival Internacional de Arpa Vila de Noia, Rodrigo Romaní, presentou esta mañá en Santiago de Compostela a programación do evento, que contará con artistas de Alemaña, Chile, Escocia, España, Francia e Irlanda

'Hibrys', a obra do compositor arxentino Alejandro Civilotti gañadora do I Premio Portus Apostoli, estrearáse o sábado 5 de agosto na Praza do Tapal da man da Real Filharmonía de Galicia

Noia Harp Fest, en colaboración co Instituto de Investigacións Sanitarias de Santiago de Compostela, levará esta primavera a música da arpa ás consultas do CHUS co proxecto 'Boas vibras. Arpistas pola saúde'



Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2023.- A décima edición do Festival Internacional de Arpa Vila de Noia, coñecido como **Noia Harp Fest**, celebrarase do 3 ao 6 de agosto. O director do certame, Rodrigo Romaní, presentou esta mañá un avance da programación do evento, que festexará os seus primeiros dez anos de vida poñendo en valor a creatividade e a extensión social da arpa. Así, o festival acollerá, entre outras propostas, a **estrea absoluta de tres obras, concertos de recoñecidas arpistas internacionais ou un novo encontro do alumnado das escolas de arpa de Galicia**; ademais de ampliar a súa actividade achegando o instrumento aos centros hospitalarios co programa piloto **Boas vibras. Arpistas pola saúde**.

NOIA HARP FEST

Rodrigo Romaní, acompañado polo concelleiro de Cultura de Noia, José Pérez, e da directora técnica da Real Filharmonía de Galicia, Sabela García, presentou hoxe no Auditorio de Galicia a programación de concertos que terán lugar no marco desta décima edición do **Noia Harp Fest, o único festival de Galicia e do noroeste da Península Ibérica que ten como absoluta protagonista a arpa**. No seu cartel conflúen, desde hai dez anos, solistas e grupos de estilos moi diversos procedentes do ámbito galego, estatal e internacional, mais **todos eles unidos pola interpretación musical a través da arpa**. Os concertos, de acceso libre e dunha notable calidade artística, celébranse en horario de tarde tanto a ceo aberto coma no interior de recintos culturais da vila de Noia, cuxo Concello é patrocinador do evento, coa intención de favorecer o achegamento ao instrumento por parte de públicos de todas as idades. A este respecto, Rodrigo Romaní avanzou que **o festival dará a coñecer, nas vindeiras semanas, o programa de actividades paralelas**, que inclúe as habituais clases maxistras ou mesmo obradoiros familiares.

Unha das principais novidades deste **10º Noia Harp Fest** é a estrea mundial de **Hibrys**, do hispano-arxentino **Alejandro Civilotti**. Trátase da obra gañadora da primeira edición do **premio internacional de composición Portus Apostoli**, patrocinado polo Concello de Noia. A **Real Filharmonía de Galicia** será a responsable de interpretar unha peza que, segundo o tribunal do certame, foi a máis destacada das 16 composicións recibidas pola súa “alta calidade e interese”, á vez que mostra unha “elevada técnica orquestral, onde a arpa e a orquestra concertan á perfección”. A estrea terá lugar na noite do sábado 5 de agosto na praza do Tapal de Noia.

Programación de concertos do 10º Noia Harp Fest

A décima edición do Noia Harp Fest dará comezo o xoves 3 de agosto cunha sesión festiva e que porá en valor o talento local e de proximidade. O **alumnado das escolas de arpa de Galicia** participará, por segundo ano consecutivo, nun encontro aberto ao público. Trátase da proposta máis singular deste eido no país, ao por en relación a todas e todos os estudantes do instrumento. O obxectivo do NHF é que este Encontro sexa unha referencia para o alumnado e que elas e eles sexan sempre as protagonistas da apertura do festival. Logo deste concerto, terá lugar unha foliada de benvida e, de seguido, un concerto do chileno **Cristian Rodríguez Cuarteto** será o ramo desta xornada inaugural.

O venres 4 estará fiado polo **virtuosismo de mulleres arpistas** do ámbito do folk. A irlandesa **Laiose Kelly**, considerada a máis relevante da súa xeración, abrirá a segunda xornada de concertos na igrexa de Santa María a Nova. Pioneira nun novo estilo de condución da arpa instrumental e recoñecida pola crítica polos seus traballos en solitario, ao longo da súa carreira - na que fundou grupos como Bumblebees ou Fiddletree- participou na gravación de máis de 70 álbums con artistas como Seamus Heaney, The Chieftains ou Sharon Shannon.

Ás 21.00 horas, na praza do Tapal, será a quenda do dúo franco-alemán conformado por **Gilles Chabenat e Daniela Heiderich**. Cunha arpa de levas bohemia, zanfona, voz e gaita francesa, os dous músicos evocarán melodías de baile conmovedoras e cancións profundamente emotivas, no marco dun repertorio que incluírá tanto composicións propias modernas como músicas tradicionais francesas e alemás, ou mesmo melodías de manuscritos antigos. A noite pecharase cunha das bandas que irromperon na escena folk dos anos 90 para mudala: **The Poozies**. Esta agrupación

NOIA HARP FEST

totalmente feminina fíxose moi coñecida polas súas xiras mundiais, nas que amosaban os seus arranxos inusuais e emocionantes, ademais de harmonías vocais conmovedoras. Cunha formación renovada, The Poozies será unha das grandes sensacións do festival pola súa gran colección de temas e melodías groovy.

O sábado 5, o Noia Harp Fest e a Asociación Española de Arpistas renderán unha homenaxe especial ao músico e virtuoso **Nicanor Zabaleta**, considerado o mellor intérprete do instrumento, no trixésimo aniversario da súa morte. Será cun concerto, que terá lugar no Teatro Coliseo Noelia, no que intervirán solistas de prestixio internacional para interpretar obras adicadas á súa figura. De seguido, contra ás 21.30 horas, será a estrea mundial de **Hibrys**, coa Real Filharmonía de Galicia, na praza do Tapal. Nas vindeiras semanas darase a coñecer a ou o intérprete solista.

A última xornada da décima edición do Noia Harp Fest comezará ás 19.00 horas do domingo 6 de agosto cun concerto da arpista, cantante e artista multidisciplinar **Musgö**, especialista en looping ao vivo e arpa eléctrica. O seu traballo é unha mestura de contemporáneo e vintage, cunha posta en escena atrevida e elegante que se poderá ver no Teatro Coliseo Noela. Finalmente, o broche dourado do evento chegará da man da orquestra de folk de Galicia. **SonDeSeu estreará na praza do Tapal dúas novas composicións creadas especificamente para este concerto:** serán a **Suite Micelio**, de Anxo Pintos, para arpa e orquestra folk, que contará con Begoña Riobó como solista; e a **Suite Escumas Atlánticas**, de Rodrigo Romaní, na que serán solistas Laoise Kelly, Mary Macmaster e Beatriz Martínez.

Programa piloto ‘Boas vibras. Arpistas pola saúde’

A presentación tamén serviu dar a coñecer a posta en marcha de **Boas vibras. Arpistas pola saúde**, un programa piloto que porán en marcha a Asociación Noia Harp Fest e a Fundación Instituto de Investigacións Sanitarias de Santiago de Compostela para **favorecer a presenza da música de arpa en centros hospitalarios**. A intención é acompañar a mellorar da humanización na asistencia aos pacientes así como o aproveitamento dos beneficios que supón esta práctica para a saúde, estudados e analizados noutras experiencias similares realizadas en diversas partes do mundo.

A experiencia piloto desenvolverase con pacientes de Pediatría do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela e estará controlada polo persoal sanitario. Cinco arpistas visitarán nas vindeiras semanas aos pacientes, establecendo unha comunicación sonora baseada na personalización da música que se interpreta, centrada na adaptación ás características e á situación de cada persoa, primando tamén a improvisación musical para chegar a provocar cambios positivos e observables na súa evolución.

NOIA HARP FEST

X NOIA HARP FEST AVANCE DE PROGRAMACIÓN

Xoves 3 de agosto

Liceo de Noia, 19:00 horas. II Encontro de Escolas de Arpa de Galicia
Liceo de Noia, 20:00 horas. Foliada de benvinda ao X Noia Harp Fest
Liceo de Noia, 22:00 horas. Cristian Rodríguez Cuarteto

Venres, 4 de agosto

Santa María A Nova, 19:00 horas. Laoise Kelly
Praza do Tapal, 21:00 horas. Gilles Chabenat & Daniela Heiderich
Praza do Tapal, 22:00 horas. The Pozzies

Sábado 5 de agosto

Teatro Coliseo Noela, 19:00 horas. Homenaxe Nicanor Zabaleta. Asociación Española de Arpistas
Praza do Tapal, 21:30 horas. Real Filharmonía de Galicia. Estrea de **Hibrys**, de Alejandro Civilotti, obra gañadora da primeira edición do Premio Internacional de Composición Portus Apostoli.

Domingo 6 de agosto

Teatro Coliseo Noela, 19:00 horas. Musgö
Praza do Tapal, 21:30 horas. SonDeSeu + convidadas. Estrea de **Micelio** e **Escumas Atlánticas**.


Contacto de prensa Noia Harp Fest

The Office Comunicación
Lucía Pita - 675 404 321
lucia.pita@theofficeco.es

Kit de prensa Noia Harp Fest 2023

<https://www.dropbox.com/sh/elcnyzkqk4m2s4u/AADv2O6QPRKMbUupDMslajlQa?dl=0>

Patrocinan



Colaboran



Organizan

